

**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DE
CONTAS DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A COMPARTICIÓN DE
INFRAESTRUTURAS, TÉCNICAS, E OS SERVIZOS COMÚNS QUE
PERMITAN A RACIONALIZACIÓN DOS RECURSOS TIC**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar co Consello de Contas de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de duración inicial de catro anos, dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa prórroga ata un máximo de catro anos adicionais ao da súa duración inicial.

Que o instrumento convencional ten por obxecto ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a compartición de infraestruturas, técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos TIC, e que se recollen no Anexo I a este Convenio de Catálogo de sistemas dixitais a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico necesarios para o funcionamento dixital.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte en que lle corresponden á Amtega, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, as competencias para o impulso, asesoramento



técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, o Consello de Contas de Galicia é un órgano estatutario creado polo artigo 53.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 17/1981, do 6 de abril, que segundo dispón os artigos 4º e 5º bis da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora da Institución, ten entre as súas funcións a fiscalización económica financeira do sector público de Galicia así como a prevención da corrupción. Pola súa banda o artigo 3º da Lei reguladora atribúelle competencia para todo o concernente ao goberno e réxime interior e ao persoal ao seu servizo.

No desenvolvemento das súas funcións relaciónase fundamentalmente coas entidades que compoñen o sector público pero tamén se relaciona con persoas físicas e xurídicas de carácter privado, ben cando exerce as súas competencias administrativas de xestión ou ben cando facilita o exercicio dos dereitos dos cidadáns en relación coas institucións públicas.

Para os efectos de dar cumprimento a obriga de relacionarse con entidades públicas ou cos cidadáns por medios electrónicos precisa de aplicacións e sistemas informáticos..

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece, no seu artigo 3, entre os principios xerais das Administracións Públicas, entre outros, a racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, así como os de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. O seu artigo 47.2, a) recolle os convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público



ou entidade de dereito público vinculada ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Asemade a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, contempla, no seu artigo 8, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico. O artigo 14 da Lei establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

É evidente pois, que o presente convenio ten un carácter de interese público, en atención ao obxectivo último da eficiencia na prestación dos servizos públicos e a realización das tarefas de interese público que lles corresponden ás partes cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispón o sector público autonómico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

